



Lula con canas

Description



Luiz InÃcio non conseguiu liderar a etapa de maior crecemento econÃmico do paÃs, pero si foi o temÃn que guiou a maior transformaciÃn do Brasil da historia do paÃs, en termos de loita contra da pobreza e da iniquidade. (Foto: Â©Antonio Cruz/ABr).

ÃcÃ?Ã?As cousas evolucionan a medida que aumenta o nÃmero de cabelos brancos e na medida das responsabilidade que un desempeÃaÃcÃ?Ã?Ã?os camiÃos van confluÃndoÃcÃ?Ã?. ÃcÃ?Ã?Quen Â© mÃjis de dereita, vai sendo coa idade mÃjis de centro eÃ?; quen Â© mÃjis de esquerda vai transformÃndose en socialdemÃcrata, isto Â©, menos de esquerdaÃcÃ?Ã?Ã?Ã?unha persoa anciÃjn que segue sendo de esquerdas ten problemas, asÃ como un mozo que Â© de dereita ten problemasÃcÃ?Ã?. Luiz InÃcio Lula da Silva (presidente do Brasil).

Estas sorprendentes declaraciÃns de Lula, foran pronunciadas tras da Cimeira da Comunidade Sudamericana de NaciÃns, acontecida en Cochabamba (Bolivia), na que o presidente brasileiro se opuxo ao meteÃrico calendario e ao modelo de integraciÃn proposto por Hugo ChÃvez.

Pode que as declaracións de Lula non fosen máis que un novo intento por conseguir a súa aceptación entre as clases medias e altas do Brasil, entre as que encontra moita indiferencia e non poucas doses de desprezo. En directo, en persoa, posúe un carisma único, unha privilexiada capacidade para utilizar a palabra que cativa, un magnetismo especial para adaptarse aos diversos escenarios e conquistar os máis adversos auditorios.

Moitos dos seus asesores confían na extraordinaria capacidade dialéctica que o presidente demostra, a simplificación argumental que consegue para conquistar aos seus interlocutores, ou para desarmar aos seus adversarios.

Mais tamén é certo que os seus asesores tremen cando o Lula improvisa, porque no seu desexo de pasar á historia como o presidente de todos os brasileiros, de todas as clases sociais, que protagonizou o cambio social, pode esquecer a coherencia do proxecto do PT.

Na verdade, o PT realizou importantes transformacións estruturais nos catro primeiros anos de mandato, partindo dunha concepción na que o estado xoga un papel determinante, que se diferenciaba substancialmente da época Fernando Henrique Cardoso, na que se privatizaron dúzias de empresas por un valor de 12 mil millóns de euros. O exemplo máis representativo foi a privatización da empresa Vale do Rio Doce. O seu valor de mercado a finais de 2005 multiplicaba por 15 o valor pola que foi vendida no ano 1997.

O goberno Lula tamén emprendeu programas sociais que permitiron a sete millóns de brasileiros saír dos segmentos de poboación máis pobres para situarse na escala da clase media.

As palabras de Lula nas que cando dixo que un home que sexa ancián e persista en ser de esquerda ten problemas, estaba embriagado polo éxito e enchoupado do glamour de proporcionar recibir o premio de brasileiro do ano da revista *Índice*. Isto é.

Os feitos contradíen a Lula. Brasil é máis progresista, máis xusto e menos pobre agora cando Lula comeza o seu segundo mandato en xaneiro de 2007 que cando chegou ao poder no 2003.

Luiz Inácio non conseguiu liderar a etapa de maior crecemento económico do país, pero si foi o tema que guiou a maior transformación do Brasil da historia do país, en termos de loita contra a pobreza e da iniquidade.

Lula pertence a ese estirpe de dirixentes que rebordan o limiar dos líderes partidarios para converterse en iconas veneradas, máis alí dos círculos do seu partido ou dos seus simpatizantes. A devoción que lle profesaron figuras de partidos políticos á dereita do PT, como o vicepresidente e líder do Partido Liberal José Alencar, ou o ex presidente José Sarney, só se explica polo seu magnetismo persoal.

Magnetismo e devoción que tamén lle profesan os seus ministros, que teñen unha maior coherencia ideolóxica nos seus discursos políticos.

A un dos seus ministros escoiteilles dicir: non teño argumentos para contradicir ao presidente, so pode dicir que si é verdade o que el diá? eu son un eterno adolescente.

Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012

APARTADO TEMÁTICO XEOGRÁFICOS

Latinoamérica ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Xaneiro 11, 2007

Meta Fields

Autoria : 10036

Datapublicacion : 2007-01-11 00:00:00